

A **ESCOLA DE TEMPO LIBRE KOREMI** está homologada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia con número de rexistro G-58 para a impartición dos cursos de Monitor/a de Tempo Libre, Director/a de Tempo Libre e Director/a de Campos de Traballo.

PREZOS

PREZO DO CURSO SEN DESCONTOS

265 €

OFERTA AMIZADE

(se aplica o desconto a todxs)

Se ves con un/ha amigo/a ou varios/as, se te encontras en situación de desemprego, tes carné da familia numerosa ou tes carné xoven .

250 €

INCLÚE O CURSO

Material Didáctico.
Inclusión na Bolsa de Traballo.
Seguros correspondentes.
Tramitación de prácticas.

Non inclúe as taxas de solicitude do título que se pagan despois de ter rematado a parte teórica e práctica do curso para facer a solicitude do mesmo.

OPCIONAL

CURSO D.E.S.A.: Abono de 90€
Independente do resto do curso.

DURACIÓN

O curso de "Monitor/a de Tempo Libre" ten unha duración total de 350 horas. Das cales, **200 horas pertencen á fase teórica e 150 horas a fase práctica.**

DATAS REALIZACIÓN DA FASE TEÓRICA DO CURSO

Do 2 de outubro ó 28 de novembro

(de luns a venres e de 9:00h a 14:00h)

REQUISITOS PARA FACER O CURSO

Tal como marca o Decreto 50/2000 de Xuventude **ter cumpridos 18 anos antes da data de comezo do curso.**

Titulación mínima: Posuir como mínimo o título de Educación Secundaria ou no seu defecto o graduado escolar.

FASE PRÁCTICAS

A práctica, constará dun mínimo de 14 días de participación dunha actividade de tempo libre, que se realizará en campamentos, colonias ou albergues cun mínimo de 25 participantes, en bloques non inferiores a 3 días, ou de 150 horas de actividade periódica nunha entidade ou asociación que traballe no campo da educación no tempo libre. Durante o desenvolvemento destas prácticas será necesaria a existencia dun responsable de prácticas designado pola entidade onde se vaian a realizar, que teña o título de monitor de Tempo libre ou experiencia demostrable no eido da animación sociocultural. O prazo para ter todo rematado é de 2 anos que empezan a contar dende o último día da parte teórica do curso.

Fase de Prácticas coa empresa KOREMI

A escola ofrece a posibilidade ós seus alumnos da realización de prácticas profesionais coa empresa KOREMI e formar parte da BOLSA DE TRABALLO, xa que unha porcentaxe de Monitores/as que realizaron o curso coa nosa Escola estiveron e están contratados nos distintos servizos e actividades da nosa empresa.

COMO MATRICULARSE

Cubrir o formulario a través da web www.koremi.es ou no seguinte enlace: <https://forms.gle/pyxeFFzBvBNpfopC6> e enviar vía mail a (etl@koremi.es) a documentación necesaria.

O envío da documentación necesaria se fará cando se comunique (a comunicación farase por email) dende a dirección da Escola.

DOCUMENTOS A PRESENTAR XUNTO COA INSCRIPCIÓN.

Fotocopia do DNI.
Fotocopia da titulación requirida para poder realizar o curso.
***COPIA DO INGRESO Bancario da matrícula.**
Enviarse vía email co resto da documentación necesaria o xustificante do pago.

Prazo de inscrición: ata o 29 de setembro ou peche de matrículas.

Mínimo de alumnos/as para poder facer grupo e comezar 15. Máximo 25

AS ÁREAS E CONTIDOS

Área de psicocioloxía. (20 horas lectivas)

Psicología. (10 horas)
O grupo. Tipoloxía e organización. Dinámica de grupos. (10 horas)

Área de educación e tempo libre: metodoloxía educativa. (30 horas lectivas)

Bases do proxecto formativo. Principios educativos. Metodoloxía y programación: Fases na elaboración do programa. (20 horas)
Educación en valores: IGUALDADE (10 horas lectivas)

Area de Innovación (10 horas lectivas)

Áreas de lecer e tempo libre con persoas con diversidade funcional (10 horas).

Área da Terceira Idade. (5 horas lectivas).

Área de animación e recursos. As técnicas. (80 horas lectivas).

O xogo. Tipoloxía de xogos. (20 horas)
Seráns e lumes de acampada. (10 horas)
Expresión Musical (10 horas)
Expresión literaria. (5 horas)
Expresión dramática. (10 horas)
Expresión plástica. (15 horas)
Maquillaxe. (5 horas)
Novas tecnoloxías aplicadas ó tempo libre (10 horas)

Área de educación ambiental e natureza. (25 horas lectivas)

Introdución á educación ambiental. (10 horas)
Interpretación do patrimonio (5 horas).
Actividades deportivas no medio natural (10 horas).

Área de educación para a saúde. (20 horas lectivas)

Alimentación e nutrición (5 horas)
Drogodependencias (5 horas)
Sexualidade (5 horas)
Primeiros auxilios (5 horas)

Área de organización e recursos (10 horas lectivas)

Lexislación. (5 horas)
Asociacionismo Xuvenil. Recursos e Axudas (5 horas)

FORMA DE PAGO E COMO TRAMITALO

O pago da matrícula terá que facerse como moi tarde unha semana antes do comezo do curso.

*Posibilidade de Fraccionar o Pago en 2 prazos:

PRIMEIRO PRAZO: coa formalización da inscrición (metade do curso).

SEGUNDO PRAZO: a mediados do curso (A DIFERENCIA)

O pago debe facerse a través de ingreso en conta indicando no concepto:

Nome/Apelidos e CURSO MTL VIGO PRIMAVERA 2022

Entidade ABANCA
ES70-2080-5043-9930-4002-6972

LUGAR DE REALIZACIÓN

O curso realizarase nas instalación do Centro Cultural de Matamá (Vigo), onde existen aulas habilitadas para formación.

<https://goo.gl/maps/PqjFB9i1tXymqi6R6>

Información de Interese:

Se non se acada o mínimo de alumnado para comezar o día 2 de outubro pódese facer un aprazamento para poder acadar ese mínimo.

***No caso de que o curso se teña que suspender por motivos de non reunir o número suficiente de alumnos/as e se houbera pagado se devolverá todo o importe abonado.*

****Non se devolverá o importe pagado unha vez iniciado o curso en caso de que algún alumnx abandone.*

ORGANIZA E IMPARTE

etl@koremi.es
Teléfonos: 678415501 // 685203756